

ALMACENAMENTO E REUTILIZACIÓN DE ANTIBIÓTICOS EN GALICIA

O uso inapropiado e indiscriminado de antibióticos en humanos e animais é un dos principais factores que inflúen na selección e diseminación da resistencia aos antibióticos.

No que atinxe ás persoas, o uso apropiado do antibiótico consumido implica (1) que fose prescrito por un médico e (2) que se consuma seguindo as recomendacións do médico, especialmente no que se refire a completar o tratamento.

Mais non sempre ocorre deste xeito: nas farmacias seguen a dispensarse antibióticos sen receita médica e os doentes usan remanentes (os que sobraron dun tratamento previo, ben do mesmo doente ou dunha persoa próxima a el).

Para coñecer o alcance deste uso inapropiado en Galicia, engadíronse unha serie de preguntas sobre isto na enquisa do Sistema de información sobre condutas de risco para a saúde (SICRI) de 2017. A enquisa ía dirixida aos residentes en Galicia con 16 ou máis anos de idade, e tanto a metodoloxía como o cuestionario pódense consultar nesta [ligazón](#).

A enquisa achou que un 13'0% (Intervalo de confianza do 95% [IC] : 12'2-13'8) dos enquisados usaran un antibiótico nas catro semanas previas á entrevista, e que no 12'4% (IC: 10'3-14'3) dos casos os antibióticos usados eran remanentes de tratamentos anteriores, que no 3'9% (IC: 2'5-5'2) o antibiótico se dispensara nunha farmacia sen receita médica e que no 5'8% (IC: 4'1-7'4) non se completara o tratamento recomendado polo médico.

A enquisa achou tamén que o 34'2% (IC: 33'2-35'3) dos entrevistados dixo que sempre gardaba os antibióticos que lle sobraban, e un 6'7% (IC95%: 6'1-7'3) adicional dixo que os gardaba ás veces.

Observouse ademais que son os máis novos (16 a 24 anos) os que máis almacenan, que é sen dúbida a característica que en máis ocasións está asociada a un uso inapropiado; e, ademais, este grupo de idade asóciase tamén cun maior consumo, cun maior uso de remanentes e cun maior uso de antibióticos sen receita médica.

Hai pois, un importante uso inapropiado dos antibióticos que está asociado ao doente pola vía de completar o tratamento e por almacenar remanentes e reutilizalos despois.

O proxecto ARNA [Apéndice] identifica que a ausencia de coñecemento sobre os antibióticos está asociada a este uso inapropiado; e que, de cara a usar remanentes, a motivación principal do doente é a prescripción previa dun tratamento antibiótico.

Deste xeito, para ir corrixindo este uso inapropiado hai que informar aos doentes sobre o uso apropiado, e facelo sempre que se prescriba un antibiótico. Xunto á posoloxía, ao doente hai que insistirle nas dúas menxases seguintes, adaptándoas de se considerar necesario:

- Tome o tratamento completo, mesmo se xa se sinte ben antes de rematalo. Ademais, se pensa que o antibiótico lle está a facer algún mal, consulte co seu médico e non o abandone pola súa conta.
- Se ao rematar o tratamento sobra algunha dose no envase, nunca garde o antibiótico sobrante. Desbóteo o máis axiña nun punto SIGRE [Apéndice], que atopará na meirande parte des farmacias de Galicia (1.334).

O informe completo pódese consultar no [BEG](#).

FOLLETO INFORMATIVO SOBRE A PREVENCIÓN DA LEXIONELOSE NOS FOGARES

A lexionelose, ou mellor, pneumonía por lexionela trátase dunha enfermidade pulmonar debida á infección pola bacteria *Legionella pneumophila*, que se transmite por aerosois de auga contaminada. Non se transmite persoa a persoa nin pola auga de bebida, alimentos ou animais.

De 2014 a 2017, en Galicia producíronse 86 casos anuais de media, que supoñen unha taxa de incidencia de 3'2 casos por cen mil habitantes. Os casos preséntanse fundamentalmente como casos illados, aínda que tamén ocorren abrochos.

Polo seu mecanismo de transmisión, o fogar é un dos lugares onde se pode adquirir a infección. A *Legionella pneumophila*, cando está presente na auga, crece nela a temperaturas que oscilan entre 20°C e 45°C, e se acantona, entre outros, en depósitos de auga quente, tubaxes, billas e difusores das duchas dos fogares. Deste xeito, o mantemento axeitado destas instalacións é esencial para controlar a difusión da enfermidade.

Neste senso, a Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP) vén de publicar un folleto con medidas sinxelas destinadas á poboación xeral que, de seguilas, favorecerán a prevención desta enfermidade nos fogares. O folleto pódese baixar da páxina web da DXSP nesta [ligazón](#).

Nel represéntase dous aspectos: por unha parte o que se debe saber sobre a enfermidade e por outra o que se debe facer nos fogares para a súa prevención [Apéndice].

NO BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO DE GALICIA (BEG)

[volume XXX, nº 6 - decembro de 2018 - [ligazón](#)]

Incidencia do cancro de mama en Galicia no ano 2016

Incontinencia urinaria e a dispareunia asociadas ao embarazo: Galicia, 2016

ALMACENAMENTO E REUTILIZACIÓN DE ANTIBIÓTICOS EN GALICIA

Proxecto ARNA: O ARNA [Antimicrobial resistance and causes of Non-prudent use of Antibiotics in humans] é un proxecto da Comisión Europea que, entre outros, tiña como obxectivo identificar os principais factores que impulsan as vendas e o uso non prudente de antibióticos obtidos sen receita médica. Emitiu un informe en 2017 que fica nesta [ligazón](#).

SIGRE: Sobre o SIGRE [Sistema Integrado de Gestión y Recogida de Envases] pódese consultar a súa páxina web nesta [ligazón](#).

FOLLETO INFORMATIVO SOBRE A PREVENCIÓN DA LEXIONELOSE NOS FOGARES

Que podo facer no meu fogar para que non enfermemos?

- Manter a temperatura do acumulador de auga por riba de 60°C.
- Non apagar o calentador da auga no acumulador pola noite.
- Realizar o mantemento profesional axeitado.
- Cambiar todos os elementos en mal estado (oxidados, rotos).
- Desmontar e limpar con cepillo os difusores das duchas e das billas unha vez ao ano e somerxelas en 1 litro de auga con cando menos 10 pingas de lixivia durante 30 minutos.
- Utilizar difusores de pinga grosa (con buratos grandes).
- Abrir as billas de pouco uso unha vez á semana.
- E cando se ausente da casa ao volver abra todas as billas.
- Cando modifique a instalación non deixar tubaxes que non teñan saída de auga ou estea estancada.

O folleto pódese baixar nesta [ligazón](#).